

O día **21 DE SETEMBRO** celébrase o día mundial contra os monocultivos de árbores. A expansión dos monocultivos forestais en diversos países do mundo ten unha serie de consecuencias ambientais e sociais negativas. A Federación Ecoloxista Galega súmase á celebración deste Día a través dunha ciberacción que critica o apoio que a Administración Galega continúa a dar á expansión do eucalipto e solicita unha nova política forestal galega baseada na conservación da biodiversidade, na protección dos solos e na valorización dos montes.

En todo o planeta pero sobre todo en países non desenvolto os monocultivos de árbores esténdese de forma irrefreable para producir as materias primas que os países ricos precisan. Esta expansión realízase a costa da destrución de ecosistemas e da ocupación de terreos dedicados á produción de alimentos, moitas veces en rexións onde non está garantida a dieta alimentaria básica.

Galicia non escapa aos danos asociados aos monocultivos. O cultivo de eucalipto está a ser un factor fundamental na degradación e hipoteca do futuro dos nosos sistemas forestais. A Administración galega desenvolve unha política baseada no mantemento e promoción dos monocultivos, fundamentalmente do cultivo de eucalipto, ao servizo das industrias de transformación que monopolizan a actividade do sector forestal e impoñen un modelo de xestión insostible ambiental, social e economicamente. A forte dependencia do sector forestal desta actividade industrial está a impedir o desenvolvemento do sector, a minimizar os beneficios do monte e a causar un severo dano ambiental. As industrias, actuando de xeito monopolista, levan anos facendo caer o prezo da madeira a niveis que fan moi pouco rendible a produción, a falla de beneficios é a principal causa do abandono dos montes e da mala percepción social dos mesmos. O cultivo de eucalipto impide por outra parte calquera outro uso dos montes ou a obtención doutros produtos que non sexan os madeirables.

Sumado a esta política pro-monocultivos, o emprego de técnicas de traballo fortemente destrutivas durante as tarefas de plantación, tala e extracción, o uso abusivo de agrotóxicos ou a expansión invasiva das plantas de eucalipto están a ter consecuencias, nalgúns casos irreversíbeis sobre o medio (aumento da compactación e erosión, perda de biodiversidade, alteración de bosques protectores...).

Ante esta realidade, a Federación Ecoloxista Galega quere participar, neste día mundial contra os monocultivos de árbores, cunha ciberacción na que animará aos cidadáns de Galicia e doutros países a enviar, a través dun formulario en internet, un escrito aos Conselleiros de Medio Rural e Medio Ambiente, e ao Presidente da Xunta, solicitando un cambio na política forestal que free a degradación que sofren os nosos montes:

<http://www.salvalaselva.org/protestaktion.php?id=318>

Como complemento, creouse un álbum de fotografías na rede, onde se fan visíbeis os impactos dos monocultivos. Calquer persoa que o desexe pode aportar as súas fotografías a este álbum enviándoas ao enderezo de correo electrónico: contraosmonocultivos@gmail.com Para mirar tódalas fotos entra en: <http://picasaweb.google.es/contraosmonocultivos/FEG#>

Máis información: Benito Andrade 636281252 Comisión Forestal da FEG, Alexandre Cendón 670858938 Coordinador Xeral da FEG

Presidente da Xunta de Galicia. D. Emilio Pérez Touriño

Conselleiro de Medio Rural. Sr. Alfredo Suárez Canal

Conselleiro de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible. Sr. Manuel Vázquez Fernández

Estimado Sr. Presidente, Estimado Sr. Conselleiro,

Nos últimos anos, a situación dos montes en Galicia ten acadado un alarmante estado de degradación, unha degradación que se fai patente na acelerada diminución da biodiversidade, na perda irreversible de solos en procesos erosivos e na regresión nas sucesións ecolóxicas e que implica a diminución da capacidade produtiva e a regresión ambiental.

A causa última desta degradación, que está a hipotecar o futuro dos nosos sistemas forestais, é unha política baseada no mantemento e promoción dos monocultivos, fundamentalmente do cultivo de eucalipto, ao servizo das industrias de transformación que monopolizan a actividade do sector forestal e impoñen un modelo de xestión insostible ambiental, social e economicamente. A forte dependencia do sector forestal desta actividade industrial está a impedir o seu desenvolvemento, a minimizar os beneficios do monte e a causar un severo dano ambiental. As industrias, actuando de xeito monopolista, levan anos facendo caer o prezo da madeira a niveis que fan moi pouco rendible a produción, a falla de beneficios é a principal causa do abandono dos montes e da mala percepción social dos mesmos. O cultivo de eucalipto impide por outra parte calquera outro uso dos montes ou a obtención doutros produtos que non sexan os madeirables.

O baixo prezo da madeira e a voracidade das empresas está levando aos montes técnicas de xestión tremendamente destrutivas; o uso de maquinaria pesada nas tarefas de plantación, tala e extracción provoca a compactación do terreo que perde capacidade para soportar vexetación incrementándose a súa erosionabilidade. A escavación de sucros a favor de pendente inverte o perfil do solo e déixao exposto aos axentes erosivos que arrastran os seus compoñentes a favor da ladeira. O uso abusivo de agrotóxicos empobrece e intoxica o solo; os herbicidas eliminan totalmente a cuberta vexetal e truncan a pirámide trófica deixando sen alimento e envelenando aos herbívoros; a aplicación de insecticidas inespecíficos para combater as pragas elimina por completo a fauna de artrópodos e dana ao resto dos organismos animais.

Pero a expansión incontrolada dos monocultivos e a expansión invasiva das plantas de eucalipto está a afectar a outros sistemas naturais, así os eucaliptos invaden as ribeiras dos ríos afectando aos bosques protectores e aos ecosistemas fluviais; é fácil atopalos ocupando as ribeiras de moitos dos nosos ríos e regatos, desprazando ás especies naturais que desempeñan un papel esencial na protección dos canles e no mantemento dos ecosistemas e recursos acuáticos, mesmo se poden atopar en Parques Naturais ou en Lugares de Importancia Comunitaria. Os eucaliptos invasivos e as novas plantacións están a desprazar ecosistemas de grande interese, as matogueiras; o denominado monte baixo constitúe unha grande variedade de formacións vexetais, na súa maioría protexidas pola directiva Hábitat, e que son reservas de biodiversidade con importante función ambiental.

Diante desta situación, neste día mundial contra os monocultivos de árbores, en apoio á Federación Ecoloxista Galega, quero solicitarlle unha nova política forestal que evite a extensión dos monocultivos de eucalipto e que free a expansión dos eucaliptos a outros sistemas forestais, unha política que evite perdas irreversibles de biodiversidade e favoreza a conservación dos sistemas forestais e das sucesións ecolóxicas. Solicítolle o fin das malas prácticas na actividade forestal, o control no uso de agrotóxicos, a retirada da maquinaria pesada nos montes e que deteña a destrución de solos en pendentes onde se está a provocar unha sangría nos mesmos por erosión. Solicito unha política de diminución da combustibilidade do monte, substituíndo as especies máis combustibles polas propias do noso país, de baixa combustibilidade. Solicito a substitución dos cultivos de eucalipto por un monte diverso en usos e produtos que poda ser un dos soportes da economía rural de Galicia.

A espera dunha resposta da súa parte, atentamente.